

# Roteiro polos murais de Luís Seoane en Buenos Aires

EDUARDO RODRÍGUEZ LEIRADO

PABLO RODRÍGUEZ LEIRADO

Pablo Rodríguez Leirado.

Xornalista. Cofundador e director da revista dixital de cultura *Sitio al Margen* ([www.almargen.com.ar](http://www.almargen.com.ar)). Traballou en *Clarín* e mais na canle de cable *Todo Noticias*. Foi corresponsal do portal *Vieiros* en Arxentina entre 1999 e 2003.

Eduardo Rodríguez Leirado.

Arquitecto. Cofundador da revista dixital de cultura *Sitio al Margen* ([www.almargen.com.ar](http://www.almargen.com.ar)). Especialista en informática dixital aplicada á arquitectura, o deseño e a historia. Actualmente traballa na recuperación, catalogación, dixitalización e divulgación do arquivo de placas fotográficas do Instituto de Arte Americano da Facultade de Arquitectura, Deseño e Urbanismo da Universidade de Buenos Aires.

**B**uenos Aires, a cosmopolita urbe do sur de América, tiña máis dun millón trescentos mil habitantes, dos cales máis dun setenta por cento eran estranxeiros cara a 1910, cando naceu nela Luís Seoane no seo dunha familia de inmigrantes galegos. Atrás quedara a aldea. En menos de corenta anos cumprírase o soño do intendente Torcuato de Alvear, émulo de Barón de Haussmann: Buenos Aires non só era unha cidade moderna, era o principal centro económico e cultural de América Latina, que celebraba o centenario do seu primeiro goberno con toda pompa. “A París de América” —vangloriábanse as elites. Ademais, unha poboación onde descendían fortemente os índices de analfabetismo por unha política educativa que, dende a segunda metade do século XIX, sostiña a formación libre, gratuíta, laica e obrigatoria, común a todos e gradual. Mais non debe supoñerse que a vida en Buenos Aires era un leito de rosas para os inmigrantes, as fortes axitacións sociais lembraban que a explotación tamén estaba á orde do día, como demostrou a terrible revolta de inquilinos en 1907.

A Buenos Aires chegaron milleiros de galegos, como así tamén o fixeron italianos, españois, xudeus, polacos, turcos, armenios, sirios, serbios e xentes doutras culturas. Todos, coas súas ilusións ás costas, buscaban un horizonte máis promisorio ca o ofrecido nos lugares de onde proviñan. Algúns, após dun duro esforzo, retornaban ás súas terras de orixe, como sucedeu coa familia de Seoane en 1916. Así, con millóns de persoas que migraban, configurouse unha cidade que recibía e brindaba decote unha extraordinaria bagaxe económica, social e política dos que e aos que por ela pasaban.

Algúns arribaron por motivos económicos e sociais, outros escapando da opresión de réximes totalitarios, como lle tocou a Luís Seoane en 1937, cando inicia o seu exilio con motivo da Guerra Civil española e a ditadura franquista. Buenos Aires non só foi a cidade que o viu nacer, foi tamén o lugar onde desenvolveu boa parte da súa vida, os seus soños e a súa polifacética obra. Buenos Aires e Luís Seoane están intimamente vencellados, hai rastros e testemuños por todas partes da súa intensa actividade como editor, periodista, ensaísta, ilustrador, deseñador, cartelista, pintor, ceramista, gravador, poeta, dramaturgo e muralista, o que, sumado ao seu compromiso social e político, o converte nunha figura extraordinaria. Pero coidamos que das múltiples facetas que presenta Luís Seoane, a de muralista é a que máis o une a Buenos Aires. Nas paredes da capital arxentina aínda hai máis de trinta murais que falan desa simbiose.

◀ *Os músicos*. Detalle da obra realizada sobre o ceo raso da Galería Santa Fe (1954). Avenida Santa Fe 1654

## Breve referencia á arte mural en Buenos Aires

Na época colonial, a partir da primeira metade do século XVIII, a arte mural mantívose reservada só ao ámbito das igrexas. No século XX o muralismo mutou no seu sentido e identificouse coa procura de cambios sociais e loitas revolucionarias. O *Guernica* de Pablo Picasso, protesta ante o horror da Guerra Civil española, é máximo expoñente da arte mural do século XX. En Buenos Aires a irrupción do movemento muralista mexicano ocorreu na década de 1930 coa presenza de David Alfaro Siqueiros, quen organizou e liderou o chamado Equipo Poligráfico, conformado por Antonio Berni, Juan Carlos Castagnino, Enrique Lázaro e Lino Enea Spilimbergo. En 1933 realizaron un mural denominado *Exercicio plástico*, un traballo encargado por Natalio Botana, o director do medio de comunicación máis innovador desa época en Sudamérica, o diario *Crítica*, onde logo colaboraría Luís Seoane.

Cara ao ano 1944 nace o grupo Taller de Arte Mural, integrado por Antonio Berni, Juan Carlos Castagnino, Lino Enea Spilimbergo e Demetrio Urruchúa. En 1946, xunto con Manuel Colmeiro (que se incorpora ao grupo), realizan un dos principais conxuntos murais porteños, pola súa significación e envergadura. Trátase dos frescos das Galerías Pacífico, edificio situado na estratégica esquina da rúa Florida e avenida Córdoba, que foi construído a principios do século XX e é a réplica dunha galería parisiense (Bon Marché), que xa non existe. En 1946 foi adquirido polo Ferrocarril Pacífico e cambiáronlle o nome para instalar as súas oficinas. Foi remodelado polos arquitectos Azlan e Ezcurra, que encargan os murais que, daquela, foron pioneiros na renovación da moi escasa arte mural arxentina. Ese mesmo estudio de arquitectura, un dos principais do país, traballaría logo asiduamente con Seoane. O edificio entrou nunha progresiva decadencia logo da nacionalización dos ferrocarrís ditada por Juan Domingo Perón, ata que en 1992 foi transformado nun centro comercial, o cal permitiu o investimento para restaurar os esquecidos frescos.

Luíis Seoane estaba en contacto con estes artistas que exerceron unha notable influencia na súa obra mural, tal como el mesmo comenta no seu varudo ensaio *Arte mural. La ilustración* (Editorial Sudamericana. Buenos Aires, 1974). Nese mesmo libro Seoane reconece outras influencias, tanto de teóricos coma de artistas, coma a do pintor italiano Gino Severini (autor de *Ragionamenti sulle Arte Figurativo*, traducida en 1944 en Buenos Aires como *El tratado de las artes plásticas* e que Seoane eloxia amplamente), o pintor Fer-

nando Leger, ou Theo Van Doesburg, entre outros.

Na década de 1950 lánzase a realizar a maioría da súa obra mural. Segundo as súas propias palabras definiu que

[...] o tema máis importante en toda a miña obra é precisamente o estatismo da figura humana, converténdoa en intemporal. Esas labregas sentadas esperando un non sabe o que, ou sabéndoo, sen tempo e para sempre. Todo iso tende a figurar quietude e estatismo, ou así o desexo. O estatismo solemne dos labregos e dos pescadores. No meu caso, os de Galicia. Elimínei cualquera detalle superfluo, pois na pintura mural polo seu tamaño, pola distancia que existe a súa contemplación, debe o artista atender fundamentalmente á composición, de maneira que planos de cor e liña e mesmo tema harmonicen coa arquitectura e a finalidade da obra arquitectónica.

Na súa concepción artística, o muralismo é unha ferramenta para transmitir a súa mirada cun alcance masivo na cosmopolita Buenos Aires. No seu ensaio sobre o muralismo afirma:

O pintor que sobe a unha estada non é o mesmo home que o encerrado no seu obradoiro. Completa a súa vida. A súa obra será verdadeiramente pública e xulgada por unha inmensa maioría. Está na rúa. A bastantes murais dediquei canto puiden da miña destreza de pintor utilizando distintos recursos técnicos e variando constantemente de procedementos. Usei, xunto con materiais novos, os naturais e arcaicos como a pedra, os mármore, o ferro e o bronce. Técnicas artesás moi antigas como a cerámica, o vitral ou o mosaico, cando non simplemente a pintura con resinas sintéticas producidas pola química industrial. Canto aos procedementos do pasado, resultan sempre novos e conservan o misterio que provén da súa remota historia.

## ¿Fillos de galegos ou galegos da emigración? ¡Porteños e galegos!

Outro tipo de coñecemento da figura e a obra de Luís Seoane obtense a través dos que trataron con el. Os que escribimos estas liñas contactamos con Pilar Xeremías Cela e Xosé Martínez Romero-Gandos, un matrimonio de profesionais arxentinos fillos de galegos. Eles gozaron da cálida amizade da inseparable parella que formaron María Fernández López —Maruxa— e Luís Seoane e comentáronnos algúns aspectos sobranceiros que nos permitiron ter unha aproximación á calidade humana. Por exemplo, eles relatáron-



nos que Maruxa e Luís Seoane exerceron de mecenas de varios mozos que non podían rematar o seus estudos, ou financiaron viaxes e outros gastos para a súa formación (o que non foi o caso de Pilar e Xosé). Este mecenado era exercido sempre de maneira moi discreta, sen exhibicións, talvez por iso se trata dun aspecto que se comentou en moi poucas biografías.

Tamén salientaron a calidade de Seoane como grande animador cultural, cuestión amplamente documentada, por exemplo, na súa participación na peña do emblemático café Tortoni da Avenida de Maio 829. Por alí pasou ao longo da súa vasta historia gran parte da intelectualidade do Río de la Plata: personaxes como Roberto Arlt, Antonio Cunil Cabanellas, Conrado Nalé Roxlo, Leopoldo Marechal, Emilio Pettoruti, Raúl González Tunón, Alfonsina Storni, Baldomero Fernández Moreno, Lola Membribes, Xul Solar, Jorge Luis Borges; escoitáronse os tangos de Carlos Gardel e Edmundo Rivero; participou José Ortega y Gasset, Ramón María del Valle-Inclán, Federico García Lorca, Miguel de Unamuno e unha lista interminable de pensadores, poetas e músicos. A ela hai que engadir todas as figuras destacadas do galeguismo no exilio, coa súa propia peña, empezando por Castelao, Rafael Dieste, Blanco Amor, entre tantos. Da presenza de Seoane existe o testemuño dunha obra de Vázquez que é unha homenaxe ao artista e á obra *Emigrantes*. Mais non consta o mesmo volume de informa-

1. **Montevideo 1985**  
Vivenda de Luís Seoane. Destruído. Ano de realización: sen datos.
2. **Montevideo 1920**  
Edificio particular. *As carretas*, 1958.
3. **Avenida Santa Fe 1654**  
Outra entrada pola rúa M. T. de Alvear. Galería Santa Fe. *Os músicos*, 1954.
4. **Callao 1421**  
Edificio particular. *Músicos e labradores*, 1956.
5. **French 2278**  
Edificio particular. *Xenetes*, 1959.
6. **Avenida Santa Fe, esquina Uriburu**  
Ex Banco Español del Río de la Plata. Actualmente ocupado polo Banco Río. Descoñécese o destino do mural *Cabaleiros medievais*, sen data.
7. **Azcúenaga 1074**  
Edificio particular. *Os cazadores*, década de 1950.
8. **Mitre 2538**  
Centro Galicia de Buenos Aires (en depósito). *Campesinos mallando*, 1956.
9. **Sarmiento 2233**  
Teatro da Sociedad Hebraica Argentina. Vidreira, sen data.
10. **Avenida Corrientes 2510**  
Antigo Banco Israelita del Río de la Plata. Agora hai unha galería-rúa comercial. *O libro de Ruth*, 1953. Foi retirado e as súas pezas numeradas para ser vendido.

11. **Avenida Corrientes 2166**  
Edificio particular. Debaixo da sinatura semella indicar o ano 1972.
12. **Avenida Corrientes 2135**  
Edificio particular. Cuberto por un panel de formica. Sen data.
13. **Avenida Corrientes 1530**  
Teatro Municipal General San Martín. *O nacemento do teatro argentino*, 1957.
14. **Cerrito 264-276**  
Galería comercial La República. *Figuras estáticas*, sen data.
15. **Esmeralda 561**  
Galería del Centro. *Homenaxe a Guamán Poma de Ayala*, sen data.
16. **San Martín 948-954**  
Outra entrada por Florida 971. Galería del Sol (ex Galería Larreta). Sen data.
17. **Esmeralda 1075**  
Edificio particular. *As pescadoras*, 1959. Hai tamén unha vidreira.
18. **Libertad 948**  
Galería de las Victorias. *Mater Gallaeciae*, 1958.
19. **Cuba 2141**  
Edificio-casa particular. *Figuras agardando*, 1956
20. **Juramento 2120**  
Edificio particular. Triloxía: *O carro da lúa*, *Escenas de tauromaquia*, *Figuras*, 1958
21. **Olazábal 3340**  
Mural no xardín dunha casa particular, 1954
22. **Olazábal 3340**  
Mural no interior da casa do mural 21, 1954.
23. **O'Higgins 1695**  
Edificio particular. Catro murais. Sen data.
24. **Arenales 3605 e 3617**  
Edificio particular. 1957.



ción respecto da gran calidade de anfitrións que recibían Maruxa e Luís, das súas engaiolantes tertulias culturais que organizaban na súa xurdia vivenda, nas cales participaban artistas e intelectuais consagrados e eles, especialmente, convidaban os mozos para que interactuasen con esas personalidades, tal como o viviu e o testemuña o matrimonio Martínez Romero-Cela.

Esa xenerosidade que Maruxa e Luís brindaron á parella de Pilar e Xosé, varios anos despois atopa un xeito moi particular de agradecemento nos percorridos que organizan a varios dos murais de Seoane para os que veñen de Galiza en visita a Buenos Aires. Nalgúns casos as visitas tiñan un aquel de protocolo, por tratarse de personalidades galegas, e ambos os dous tiveron unha activa participación na colectividade galega. Por citar algúns aspectos, Xosé Martínez Romero foi presidente da Sociedade de Campo Lameiro e mais da Unión de Sociedades Galegas, e Pilar foi a relatora máis nova no histórico Primeiro Congreso da Emigración Galega que se celebrou en Buenos Aires en 1956 e que axuntou o máis senlleiro da intelectualidade galega no exilio. Un dos principais animadores e protagonista deste conclave foi Seoane.

Unha das visitas, Aurichu Pereira, ao remataren a xira polos murais, suxeríulles plasmar e difundir dalgunha maneira ese percorrido para “que os que chegamos a estas terras non perdamos semellante beleza”.

No ano 2000 conformouse un grupo de traballo, integrado por José Martínez Romero-Gandos, Pilar Jeremías Cela, e os que escribimos estas liñas, Eduardo Rodríguez Leirado (arquitecto e deseñador), e Pablo Rodríguez Leirado (xornalista), para relevar e situar os murais de Luís Seoane, evitar que se destrúan e crear un sitio web homenaxe dedicado á súa obra mural en Buenos Aires ([www.almargen.com.ar/seoane](http://www.almargen.com.ar/seoane)), que logo foi integrado como suplemento dixital da revista *Sitio al Margen* ([www.almargen.com.ar](http://www.almargen.com.ar))

## O roteiro

Recoméndase realizar este percorrido os sábados ou domingos, debido a que os días laborables o tráfico da cidade de Buenos Aires é verdadeiramente caótico.

## O elegante e distinguido Barrio Norte

O percorrido que propoñemos iníciase con dous fitos na rúa Montevideo, entre a Avenida do Libertador e a rúa Posadas. Trátase dunha excelente zona, o elegante Barrio Norte. En Montevideo 1985 está o edificio onde viviron Maruxa Fernández e Luís Seoane a partir de 1962. Ade-

mais de erixir unha estupenda vivenda, que ao estar situada no decimoterceiro andar lles proporcionaba unhas fermosas vistas da cidade e do Río de la Plata, Seoane montou alí un magnífico estudio. Espléndida morada e lugar de traballo, adquirida grazas ao notable éxito que acadara a súa polifacética obra. Xustamente nese mesmo ano recibe a máis alta distinción artística da República Arxentina, o Premio Palanza, que lle outorga a Academia Nacional de Belas Artes. Na planta baixa da súa vivenda, no vestíbulo de entrada aos ascensores, realizou un mural que logo, incrivelmente, caeu baixo a picota, e no seu lugar instalouse un enorme e vulgar espello.

Noutro edificio de apartamentos, en Montevideo 1920, no vestíbulo de planta baixa, antes dos ascensores, atópase o mural en resinas sintéticas denominado *As carretas*, realizado en 1958 e que afortunadamente se acha en bo estado. Non é visible dende a rúa e Otero Vázquez describo así: “A persistencia do emprego das cores azul, ocre, rosa, verde e do ritmo que indica os trazos das rodas da carreta, produce un efecto de repetición similar ao de certos frisos orientais. De vagar, obsérvase como a sutileza en aplicar novos materiais fornece e achega novas creacións” (Otero Vázquez, C. *Luís Seoane*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1991. pp. 80-81). O encargado do edificio comentou que nunha oportunidade varios integrantes do consorcio quixeron pintar a parede mais a maioría opúxose vivamente.

O seguinte mural, que Seoane realizou en 1954, atópase na Galería Santa Fe, situada na avenida do mesmo nome. Na década de 1950 estaba considerada a arteria máis elegante da cidade, xunto coa avenida Alvear, e aínda mantén parte do seu estilo, prestixio e exclusividade. Os arquitectos José Aslán e Héctor Ezcurra edificaron en 1953 esta galería que ten dúas entradas, a mencionada pola Avenida Santa Fe 1654 e outra pola rúa Marcelo T. de Alvear. Nos ceos rasos pódense apreciar as pinturas de Leopoldo Presas, de Juan Batlle Planas, de Gertrudis Chale, de Raúl Soldi (na cúpula central), e os tres mosaicos de Leopoldo Torres Agüero no acciso sobre Marcelo T. de Alvear, entre os cales se observa unha obra de Luís Seoane. Mais o mural ao que facemos referencia atópase nunha bóveda de canón no interior da galería e denomínase *Os músicos*. Entre os personaxes representados poden recoñecerse as figuras dunha arpista, dous pandeireteiros, un violinista, un guitarrista, unha frautista e un gaiteiro. Estas figuras alternanse de maneira harmoniosa e a súa silueta, de maneira esquemática, reflíctese sobre un fondo de cor.

Outra arteria emblemática, no elegante Barrio Norte (do cal aínda non saímos neste percorri-



Vidreira *As pescadoras*, 1959. Rúa Esmeralda 1075



do), é a ampla e distinguida Avenida Callao. Na entrada do edificio, situado no número 1421, sobre o lado dereito e antes dos ascensores, atópase o mural *Músicos e labradores*, que realizou en 1958 e se enxerga con dificultade dende a beirarrúa.

Nos murais devanditos exhibese unha acabada mostra da concepción da cor e a forma en Seoane, quen no seu ensaio sobre a arte mural expresou:

Preocupeime decote de traballar na parede planos de cor, de acentuar os seus ritmos, os seus contrastes, e sobre eles fun fixando o meu debuxo, os meus signos. A cor fai xurdir a forma da miña obra. Sempre tratando co grafismo que superpoño, de interpretar como o sinto a natureza e o home. Lissitzky, o gran construtivista ruso, escribiu nun ensaio referido á estruturación de espazos: “A cor é unha pel sobre un esqueleto”, mais, no meu caso, esforceime en sinalar o esqueleto sobre a pel.

A poucas *cuadras*, na rúa French 2278, tamén noutra vivenda de apartamentos particulares, está *Xinetes*, realizado en resinas sintéticas no ano 1959. A diferenza do anterior, é visible dende a rúa sobre a parede dereita do vestíbulo de entrada.

Na esquina da avenida Santa Fe e a rúa Uriburu estaba o local do antigo Banco Español do Río de la Plata, que na actualidade pertence ao Banco Río. Descoñécese o destino do mural *Cabaleiros medievais*, un friso en ferro e bronce de diversas figuras, que desapareceu da sucursal bancaria co cambio de entidade propietaria.

En Azcuénaga 1074, no lado esquerdo da planta baixa dun edificio particular, Seoane realizou na década de 1950 un mural en relevo en formigón e resinas sintéticas denominado *Os cazadores*. Non pode verse dende a beirarrúa.

## O bulicio comercial e outras colectividades

No barrio de Once, na sede do Centro Galicia de Buenos Aires, rúa Bartolomé Mitre 2538, atópase o mural *Campesiños mallando*, de sete por dous metros. A súa situación orixinal era na histórica sede social do Centro Lucense, denominada Lar Galego, na Avenida Belgrano 1941, que logo deveu nun supermercado. Foi realizado en 1956, “tema figurativo de segadores e labregos, con acentuada solidez, quietude e estatismo, que reforzan a monumentalidade dos seus personaxes, evoca nas súas proporcións o mural románico, efecto que produce o debuxo decisivo e o colorido intenso e vivo” (Otero Vázquez, p. 71). Seoane colaborou con esta institución da colecti-

vidade en reiteradas ocasións como cando foi sede do Primeiro Congreso da Emigración en 1956. Alí se atesouran varias das súas obras, como a fermosa colección de xarras de cerámicas con personaxes e figuras da historia e mitoloxía galega, entre outras.

Na rúa Sarmiento, no número 2233, atópase a sede da Sociedade Hebraica, onde efectuou a súa primeira exposición en Buenos Aires en 1947. Varios anos despois, en 1968, inaugurou no seu teatro un *vitreaux* onde as escintilantes cores e a representación de letras hebreas logran un magnífico simbolismo.

Seoane mantivo unha vizosa relación coa industriosa colectividade xudía da cidade de Buenos Aires, a máis numerosa do mundo despois da establecida na cidade de Nova York. Así o confirman as súas exposicións en Israel e varios dos seus murais, que realizou por encargo de profesionais da construción, unha rama económica con forte presenza desta comunidade.

Un bo emblema desta vinculación preséntase no primeiro mural que realizou en Buenos Aires, en 1953, na sede do Banco Israelí do Río de la Plata, situado na avenida Corrientes 2510. Lamentablemente non pode visitarse, pois o banco pechou as súas portas e vendeu o local. Despois construíuse unha galería en formato de rúa comercial para o cal se derrubou o edificio. Segundo conta Maruxa Seoane na obra de Xosé Cid Cabido (*1910-Seoane-1979. Unha fotobiografía*. Edicións Xerais de Galicia, 1994, p. 119), retirouse o mural da parede, numeráronse as pezas e vendeuse ao empresario David Graiver, quen manifestou o seu desexo de instalalo nun edificio que pensaba construír na localidade de máis afluencia de veraneantes da Arxentina, a cidade de Mar del Plata. A construción non se realizou e suponse que o mural continúa na propiedade dos herdeiros de Graiver.

O tema do mural era relixioso, a historia do Libro de Ruth, aínda que, como explica Maruxa Seoane, polas súas figuras igualmente podía ser un mural de personaxes galegos. Emprega como materiais lousa e gres (ao igual que en “figuras sentadas”, o mural do Castro de Sada), en mosaico veneciano. Emprazárase nun gran patio e as cristaleiras permitían enxergalo dende a concorrida beirarrúa nun tramo onde a avenida Corrientes forma parte do barrio de Once, espazo populoso e comercial enfocado cara a un consumo de produtos máis económicos e masivos ca o elegante e exclusivo barrio Norte. Once é a zona tradicional da colectividade xudía, que a partir da década de 1980 partilla coa inmigra-

ción coreana, a boliviana e a peruana, que multiplicaron os seus numerosos comercios e carácter comercial.

### A “rúa” Corrientes

O percorrido continúa pola mesma avenida, máis coñecida como a “rúa” Corrientes (tal era a súa orixe e foi ensanchada e convertida en avenida cara á década de 1930). Tamén foi chamada a “Broadway” arxentina pola cantidade de teatros que a poboaban. Cabe recordar que a atracción desta avenida igualmente a comparten as librerías, especialmente as que se dedican á compra e venda de libros usados. En moitas delas aínda poden atoparse as edicións das obras que arraxaron Seoane, Arturo Cuadrado e Lorenzo Varela nas múltiples editoriais e coleccións que eles crearon, como Nova, Botella al Mar, Citania, Galicia Hoy, Hórreo, Dorna, e Camino de Santiago, por citar algunhas. Moitas desas obras referíanse á cultura e historia galegas e, ademais, moitas estaban escritas en idioma galego, en momentos en que na mesma Galicia se dificultaba ou se facía imposible editalas. Buenos Aires era, daquela, o centro editorial máis importante de Latinoamérica. Así se divulgaba a cultura galega, con Seoane como un dos seus animadores principais, nunha metrópole coa maior presenza de poboación galega no mundo, proxectándoa cara a todo o continente.

A “rúa” Corrientes foi o centro cultural da cosmopolita Buenos Aires entre as décadas de 1950 e 1970 ata que aquí tamén chegou a longa noite de pedra da ditadura de 1976. Luís Seoane viviu e traballou nesta fundamental arteria na súa etapa dourada, cando se atopaban librerías e teatros abertos a calquera hora da noite ou da madrugada, e se discutía interminablemente nos famosos bares e confeitarias das máis diversas e variadas disciplinas, con ou sen coñecemento do tema, para “amañar” o mundo ou simplemente para exercer o deporte preferido dos porteños: a lería de café. Actualmente non recuperou o seu antigo esplendor e protagonismo —ao cal tampouco axudaron as sucesivas crises económicas que padeceu a Arxentina nas décadas do 1980-1990— e moitos dos seus históricos bares pecharon as portas, varios teatros e cines transformáronse en aparcadoiros, ou supermercados de xogos electrónicos ou templos de pastores televisivos.

Nesa “vidreira cultural” tamén se difundiron os carteis que Seoane realizou, expresión artística que é un xénero da arte mural. Especialmente subliñamos que Seoane foi o primeiro en Buenos Aires en realizar *afiches* comerciais abstractos, para as empresas Cinzano e Ottard-Dupuy, no



Detalle do mural *Mater Gallaciae*. 1958. Rúa Libertad 948



Detalle do mural dun edificio particular da rúa Corrientes 2166, realizado en 1972



ano 1952. Segundo expuxo Xosé Arias Díaz de Castro na revista GRIAL (número 163, 2004),

[...] neles Seoane leva a experimentación gráfica ata límites descoñecidos na súa época, incorporando grandes masas de cor xeométricas, sinxelas e abstractas, que dinamizan o conxunto provocando a inmediata atención do espectador. Sen concesións a ningún elemento comercial, ata daquela usual neste tipo de pezas, Seoane introducía no cartel publicitario as achegas plásticas máis novidosas.

Entre a súa vasta obra de cartelista na capital arxentina salientamos os que realizou para as súas exposicións na Galería Bonino, os desenvolvidos para as actividades do Centro Lucense de Buenos Aires, o cartel do Festival Céltico 1964 (promovido polos centros galegos de Buenos Aires), e moi especialmente dous, o efectuado en 1961 para os Amigos de Suíza co gallo de anunciar o concerto de Stravinsky *Historia do soldado* no Teatro Municipal General San Martín, e o cartel abstracto para a “Exposición del libro gallego contemporáneo”, en 1958. Xosé Díaz Arias de Castro foi bien concreto no seu traballo para GRIAL:

Para dicilo dun modo claro: se non existise a obra gráfica de Seoane, Galicia non existiría



hoxe, nese período, nos manuais de historia do deseño.

A unhas *cuadras* de onde estivo o anteriormente mencionado banco da colectividade xudía, en dirección ao emblemático Obelisco, atópanse dous murais. En Corrientes 2166, insolitamente na entrada dun aparcadoiro dunha galería comercial de tamaño considerable, aparecen unha serie de figuras en módulos. O incesante tránsito de vehículos e persoas provocou a perda en parte da súa cor, tamén está luxado e algunhas partes están esfancadas. Este mural estaba adornando a galería que na actualidade está moi deturpada. A iluminación é moi cativa, contén a sinatura á esquerda, do lado da rúa, no terceiro módulo visto dende a parte superior, e parece indicar 1972, un pouco esborrachado, como a data de realización.

Na beirarrúa da banda contraria, Corrientes 2135, hai outro mural no corredor de ingreso a un edificio de oficinas comerciais, realizado en pedra picada, que lamentablemente se atopa cuberto por un desagradable panel de formica, por tanto descoñécese cal pode ser o seu actual estado. A administración está ao tanto da existencia do mural, mais non queren investir para modificar a estética actual da entrada...





*O nacemento do Teatro Arxentino, Teatro General San Martín (1957)*

## O nacemento do Teatro Arxentino

No Teatro General San Martín, Corrientes 1530, atópase a súa máis famosa e importante obra mural. Ten trinta e tres metros por once e está situado no vestíbulo do segundo subsolo, fronte por fronte co Teatro de Cámara —a sala Juan José de los Santos Casacuberta—, e esténdese, sobre a Liña Municipal, dende o ceo raso do mencionado vestíbulo ata a altura do terceiro subsolo. O entresollado, separado a dous metros do mural, xunto coa posición das columnas e as escaleiras, divide visualmente o mural en sectores, adecuándose a composición á disposición dos elementos da arquitectura.

O propio Luís Seoane explicou que

[...] o tema elixido é “O nacemento do Teatro Arxentino”. Trátase de evocar a primeira obra de teatro que se representou na cidade, titulada *Juan Moreira*, desenvolvida nun circo. Este mural está feito en resinas sintéticas, cun fondo de amplas cores brillantes, que están ritmicamente equilibradas e orquestradas cos grafismos que representan un circo, as bancadas e as plateas; os personaxes do circo ocupan a pista central e participan nunha ronda máxica, integrada por actores, equilibristas, trapecistas, bailaríns e cabalos; todas estas figuras están representadas mediante unha grafía que as recolle.

O mural realizouse coa colaboración dun senlleiro artista arxentino, Carlos Torrallardona, a quen Seoane consideraba “un dos pintores arxentinos máis destacados polo rigor da súa obra, e sendo muralista el mesmo...”, e con quen compartiu outros traballos.

Na inauguración, en 1957, congregáronse insignes figuras da emigración como Blanco Amor, Núñez Búa, Rafael Dieste, entre outros. Foi un acontecemento cultural extraordinario para a populosa comunidade galega.

O mural foi restaurado en 1999 pola Área de Conservación e Restauración da Secretaría de Cultura da Cidade de Buenos Aires.

O Teatro General San Martín foi construído entre 1950 e 1953 polos arquitectos Macedonio Óscar Ruiz e Mario Roberto Álvarez. Está considerada a obra moderna de maior envergadura e case a única realización en grande escala das últimas décadas no ámbito cultural. As actividades alí realizadas ao longo dos seus máis de corenta anos de vida, inclúen o máis representativo da vangarda, tanto nacional coma internacional, sendo asiduamente frecuentado pola intelectualidade porteña.

Ademais do imponente mural de Luís Seoane, alí admíranse as obras de Juan Batlle Planas (un gran mosaico na planta baixa), Juan Ballester Peña, Carlos de la Cárcova e José Fioravanti. Os

murais e a arquitectura de Álvarez e Ruiz logran unha harmónica comunión. Seoane era un rexo partidario de integrar as artes:

[...] que o artista debe acompañar o arquitecto ou enxeñeiro na súa obra e non tratar de que a súa obre en detrimento da construción arquitectónica.

### Microcentro e Retiro

Case en fronte do Obelisco atópase o edificio e galería comercial La República, na rúa Cerrito 264-76, con outra entrada pola rúa Sarmiento. É unha galería moi transitada non tanto polos locais comerciais (que se achán na planta baixa) coma polas oficinas do edificio que son alugadas por empresas, por gabinetes municipais e do poder xudicial. O mural que realizou Seoane, que titulou *Figuras estáticas*, está nunha ala da galería, na planta baixa, e unha parte dun patio interno. Presenta unha serie de figuras —¿labregos e labregas, talvez?— recortadas en láminas de ferro. Seoane refire que na súa arte mural canto aos relevos,

[...] os de ferro e bronce, dos mármores, os moldeados en cemento, perseguen a liña da “posta en movemento” do muro, cando cómpre crear un dinamismo complementario con outros muros, animando así un espazo determinado.

Lamentablemente, o sector do mural que se acha no patio está ao descuberto, alí o deterioro é moi acusado e nótase a necesidade dunha restauración e mantemento conducido por verdadeiros especialistas, debido a que non abonda (por acharse á intemperie), contar só coa boa vontade e predisposición do administrador do edificio.

Noutra pasaxe comercial do centro porteño, precisamente chamada Galería del Centro, con entradas polas rúas Esmeralda 561 e Tucumán 764, Seoane realizou un mural, de dez metros por seis, tamén con figuras de ferro e bronce, mais sobre mosaicos. Esta obra rende homenaxe ao primeiro debuxante do Vicerreinado do Río de la Plata, Guamán Poma de Ayala. Seoane preséntanos unhas escenas onde se observa a indios traballando, guerreiros, paxaros e plantas exóticas. Estas figuras acomóndanse nas paredes acompañando os planos creados por escaleiras e desniveis. Para esta obra contou coa colaboración do célebre ceramista Fernando Arranz, tamén exiliado do réxime franquista, de quen Seoane afirmou:

Entre os meus colaboradores na cantidade importante de murais que fixen, destaco ao gran ceramista Fernando Arranz, que puxo a

proba os seus grandes coñecementos do oficio para ser o máis fiel posible aos meus cartóns.

Na Galería del Sol (antes chamada Larreta), con entrada tanto por Florida 971 como por San Martín 948-954, Seoane realiza un mural abstracto, unha taracea en mármores sobre o travertino dunha gran parede da galería. Nun patio interno sobrancea unha roda moi similar ao mural *As carretas*. A galería foi construída polo estudio dos arquitectos Aslan e Ezcurra e atópase no barrio de Retiro.

A moi poucas *cuadras* en Esmeralda 1075, nun edificio de vivendas e oficinas realizado por Lázaro Goldstein (enxeñeiro con quen Seoane traballou asiduamente), áchanse un mural e un vitral realizados en 1959. En ambos simplifica a forma en grandes planos de cores vivas. No mural, denominado *As pescadoras*, empregou cemento e resinas sintéticas con figuras de metal aplicadas que manteñen a verticalidade e o sentido hierático. Neste edificio o consorcio puxo un pequeno pé de acrílico cunha breve biografía de Luís Seoane tomada da *Enciclopedia Británica* e o nome da obra. No vitral as imaxes son das súas recoñecibles figuras campesiñas. Utilizou vidros de grande espesor, que subliñan o efecto de relevo transparente, vencellados por soldadura plástica no canto do tradicional chumbo, unha das innovacións técnicas que Seoane achegou á arte dos vitrais en Buenos Aires. Por referencias bibliográficas sábese que realizou outro vitral para o edificio Petracca e Hijos, mais ignoramos a súa situación.

Na galería comercial Las Victorias, na rúa Libertad 1260, sobre un lateral do corredor esquerdo, no ano 1958 realizou un mural co emotivo título de *Mater Gallaeciae*, unha serie de figuras femininas en ferro e bronce, illadas —labregos ou pescadores, ou se cadra, a mesma Galicia na súa mirada de exiliado—, distribuídas nun equilibrio simétrico coa combinación de rectángulos, sobre unha base de mosaico veneciano de cor amarela. Na resolución do mural o mesmo Seoane explica que

[...] tratei de non crear perspectivas que destrúisen visualmente a parede, de empregar matices tonais, e seguí a lección dos mosaicistas bizantinos no tocante á verticalidade das figuras e ao seu hieratismo.

Noutros corredores da galería existen outros murais de diferentes técnicas. Non están asinados, aínda que é posible que varios fosen efectuados por Seoane porque presentan unha serie de figuras e liñas moi características da súa obra, especialmente a roda, que claramente remite ao mural *As carretas*.

## Palermo e Belgrano

A partir da década de 1950 estes dous barrios residenciais comezan a mudar a súa tranquila fisionomía. A súa maior poboación implica un crecemento en altura, boa parte das casas grandes derrúbanse e no seu lugar constrúense edificios para propietarios de bo nivel adquisitivo e certa esixencia no plano estético e cultural.

Na esquina de Julián Álvarez e Arenales, preto dos fermosos parques de Palermo, un equipo de enxeñeiros e arquitectos encabezados por Goldstein realizou un edificio de apartamentos en 1957. Na planta baixa atópase un mural con cerámica asinado por Seoane en vivos tons vermellos e amarelos, plenamente integrado no deseño e visible dende a beirarrúa. A súa situación permite separar a entrada de servizo e destacar o vestíbulo central.

En pleno corazón de Belgrano, na avenida Juramento 2120, outro edificio de apartamentos dispón no corredor da planta baixa, fronte aos ascensores, dunha triloxía mural chamada *O carro da lúa*, *Escenas de tauromaquia* e *Figuras*, que Seoane fixo en 1958 cunha técnica similar á do estarcido. Non é visible dende a beirarrúa.

A poucos metros, na rúa Cuba 2141, dous anos antes efectuou *Figuras esperando* nunha casa de apartamentos. Dende o exterior só son visibles as tres figuras sentadas, enmarcadas en rectángulos de cor. O mural continúa noutra parede, fronte aos ascensores.

Na torre da rúa O'Higgins 1695, un mural cerámico, *Figuras e paisaxe*, recobre os catro lados do acceso central aos ascensores nunha planta baixa totalmente vidrada, que permite a plena visión de dous deles.

Sobre a parede dereita nun xardín dunha casa particular na rúa Olazábal 3340, Seoane realizou un mural en 1954. Empregou pedra picada reconstruída logo na parede. O seu estado é impecable, igual que o outro mural que se atopa no interior da vivenda.

A única obra muraria de Seoane que pode verse na Arxentina fóra de Buenos Aires áchase na cidade de San Juan. Carlos Torrallardona e el efectuaron catro murais para a casa central do Banco da Provincia de San Juan (rúa José Ignacio la Rosa, 85). Seoane, que se ocupou de dous deles (sendo os restantes realizados por Torrallardona), presenta unha serie de escenas con figuras e exóticas plantas dispostas en intensos e fermosos contrastes de cores, salientando os tons rosas, amarelos, verdes e azuis.

## A cidade e o artista

Como expresa Xosé Díaz (*Luís Seoane. A forxa da modernidade*. Vía Láctea Editorial, 1994, A Coruña),



Mural *As pescadoras*. 1959. Calle Esmeralda 1075

[...] creo que toda a obra de Luís Seoane foi un descomunal esforzo por dotar a Galicia dunha dignidade perdida nos campos da arte, a gráfica ou a historia, para intentar sacala do illamento dexenerativo en que caera.

O pintor Horacio Butler, con motivo da entrega a Seoane do Premio Palanza, recoñeceu

[...] o seu don de síntese permitiulle pasar sen maiores esforzos da pintura de cabaleta á decoración mural e saíndo do ámbito do obradoiro enfrentou ao gran público, podendo afirmarse que a través da súa vasta obra mural, dos seus libros ilustrados, dos seus *afiches*, dos seus gravados e as súas famosas tapas, contribuíu a elevar o nivel cultural da cidade, cumprindo así a función social do artista.

Parte de Galicia atópase en Buenos Aires, en todas as actividades que milleiros de inmigrantes galegos e a súa descendencia desenvolveron nunha cidade que contribuíron a crear e conformar. É a chamada "quinta provincia", a parte máis universal e cosmopolita da cultura galega, que por historia tamén é parte da cultura arxentina.

Luís Seoane, que naceu e viviu parte da súa vida en Buenos Aires, encargouse de facérnolo saber. E por se o esquecemos, as paredes da cidade refrecánnos a memoria ■